veciñanza

moción

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tal e como desgraciadamente se demostra periodicamente, a poboación está exposta ás afectacións de múltiples emerxencias que se poden producir debido a diversas causas. Son moitos os factores que poden xerar unha situación deste tipo, tanto meteorolóxicos como doutra índole, e unha adecuada coordinación e previsión axudarán a minimizar os riscos e consecuencias destas situacións. Incendios, enchentes, temporais, etc. constitúen ameazas que se repiten con certa frecuencia e fronte ás cales é importante establecer mecanismos de coordinación.

Os Plans de Emerxencias Municipais (PEMU), son un instrumento de carácter técnico que establece, mediante un conxunto de análises, normas e procedementos operativos, o sistema de resposta da Administración Local fronte ás situacións de emerxencia que poidan producirse no seu termo municipal.

Este PEMU debe orientarse a cubrir dous aspectos básicos:

- Ferramenta preventiva e de autoprotección destinada ao mellor coñecemento dos riscos que se poidan dar no territorio municipal; así como, a establecer as correspondentes medidas preventivas e de divulgación para minimizar o seu posible impacto.
- Como ferramenta de xestión operativa mediante a que se definirán os procedementos a desenvolver no caso de que se produza unha emerxencia causada polos devanditos riscos.

O PEMU debe perseguir os seguintes obxectivos:

- Analizar os riscos que poderían ocasionar unha situación de emerxencia dentro do termo municipal de Cuntis, así como identificar onde existe máis probabilidade de que se manifesten e baixo que circunstancias.

- Determinar as medidas de prevención fronte aos riscos atopados.
- Catalogar os medios e recursos dispoñibles para reducir e reparar as consecuencias deste tipo de eventos.
- Establecer a coordinación máis axustada entre os medios existentes en relación aos riscos e poder proceder á resposta rápida en caso de emerxencia.
- Organizar as funcións básicas de protección Protección Civil dentro do Concello de Cuntis.
- Promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá.
- Informar e concienciar á poboación sobre os riscos e as medidas de protección.

Obxectivos todos que poden sintetizarse no fin último de estar preparados/as para responder con eficacia, en momentos nos que o factor tempo é fundamental perante calquera emerxencia.

Di igual importancia que as características técnicas é a tarefa de difusión entre os veciños/as e a concienciación das situacións de risco. A aprobación deste documento debe vir acompañada de charlas divulgativas e campañas de difusión entre a poboación que impliquen a pedagoxía necesaria para reaccionar fronte a imprevistos.

Por todo o exposto, propoñemos os seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal á elaboración dun Plan de Emerxencias Municipal

2. Instar ao Goberno Municipal a iniciar unha campaña de difusión dos principais obxectivos e directrices, así como consellos e recomendacións, en materia de protección civil e emerxencias, que inclúa charlas informativas, publicacións, etc.

Cuntis, 17 de novembro de 2017

veciñanza

moción

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López